Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

O Loberno no Castelo

No Castelo, un penedo situado entre as parroquias do Burgo do concello de Muras, e Lousada, do concello de Xermade, ambos da provincia de Lugo, ronda o Loberno.

Din por alí que ten figura de raposo, que é inútil berrarlle pois é xordo. Nunca fuxe; é a xente a quen ten que escapar del e deixarlle comer o que lle dea a gana.

Os nenos daquela contorna cando ían coas vacas e o vían, sabían que esta era a maneira de tratalo.

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

ALUMNOS DA ESCOLA DE COMERCIO DE LUGO, Dempóis da Chaira, Gráficas Bao, Lugo, 1976.

BIBLIOGRAFÍA:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. E REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos, [Loberno] Xerais, Vigo, 1999.